



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA
Informe climatolóxico
Mes de maio 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE MAIO 2008



1.- Resumo

Mes húmido en xeral, pero con temperaturas suaves

O mes de maio estivo caracterizado en xeral pola presenza dun embolsamento de aire frío nas capas medias da troposfera que mantivo a inestabilidade nas derradeiras tres semanas. Deste xeito durante os 7 primeiros días do mes a situación foi intermedia, entre altas e baixas presións, con ventos do sur. Esta situación deixou algunhas chuvias de carácter illado nestas xornadas, e temperaturas altas en xeral, superándose os 25°C en puntos do interior de Galicia nas primeiras horas da tarde. Na xornada do día 8 chegou un primeiro centro de baixas presións acompañado de aire frío en altura. A xornada do día 8 foi polo tanto de nubes e chuvias xeneralizadas, con descenso das temperaturas. Pero o máis salientable é que a situación de aire frío mantívose practicamente ata final de mes. Os únicos días de lixeira melloría foron o día 16 e as xornadas do 19 e 20, aínda que incluso nesas xornadas rexistráronse chuvias de carácter feble e ocasional. A situación foi particularmente desapracible nas xornadas do 13, 14 e 15, e no período que vai do 21 ó 30 de maio. Nestes dous períodos rexistrouse unha situación de baixas presións en superficie que se engade á presenza de aire frío en altura. Estas borrascas situáronse moi preto de Galicia de forma que tódalas fronteas asociadas foron atravesando Galicia. A situación de maior actividade rexistrouse durante a tarde-noite do día 22 e a primeira metade do 23, cando os chuvascos causaron algunhas inundacións na zona norte de a provincia de A Coruña.

Precipitacións:

O mes caracterizouse en xeral por ser húmido ou moi húmido, agás na comarca de Compostela. De tódolos xeitos incluso nesa comarca os días de chuvia superan o valor climático. Esta diferenza entre comarcas é debida a que en moitas xornadas as chuvias tiveron lugar en forma de chuvascos intermitentes, pero irregularmente repartidos.

Temperaturas:

As temperaturas medias sitúanse en xeral moi preto dos valores medios para este mes. Isto débese a que en xeral a situación de moita nubosidade fai que as temperaturas mínimas estean algo por riba dos valores medios, mentres que as máximas se sitúen en valores normais ou algo por debaixo.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no periodo 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	MAIO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.9	14.6	17.0 (1989)	12.1 (1984)
T ^a mínima media	11.9	11.5	13.8 (1989)	9.9 (1983;1984)
T ^a mínima absoluta	7.5 (día 25)	4.6 (2/5/1977)		
T ^a máxima media	18.5	17.6	20.2 (1989)	14.4 (1984)
T ^a máxima absoluta	25.6 (día 3)	30.6 (13/05/1992)		
Precipitación acumulada	110	64-88	173 (1997)	9 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	17	11	21 (1983)	2 (1976)

Comentario:

Mes cálido en xeral, con temperaturas medias, máximas e mínimas por riba do agardado. A chuvia rexistrada supera o rango normal de valores para o mes de maio, polo que o mes pode considerarse "húmido". O número de días de chuvia tamén é moi superior ao valor normal.



SANTIAGO

	MAIO 2008	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.3	14.5	17.9 (1989)	10.7 (1984)
Tª mínima media	10.2	9.8	12.1 (1989)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	5.1 (día 25)	1.8 (06/5/1982)		
Tª máxima media	17.4	19.3	23.6 (1989)	14.6 (1984)
Tª máxima absoluta	24.9 (día 6)	34.0 (29/5/2001)		
Precipitación acumulada	130	121-147	290 (1997)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	23 (1993)	2 (1987)

Comentario:

Mes moi frío en canto as temperaturas medias e especialmente nas máximas. Respecto ás mínimas en cambio o mes pode considerarse cálido, ao superar o valor climático.

A cantidade de precipitación cae dentro do rango normal, aínda que o número de días de chuvia é superior ao valor medio agardado e semellante ao resto de estacións analizadas

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	MAIO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.8	13.3	16.8 (2000)	9.6 (1984)
Tª mínima media	8.7	8.2	11.3 (2000)	5.9 (2002)
Tª mínima absoluta	2.4 (día 2)	-2.0 (06/5/1982)		
Tª máxima media	18.3	18.4	22.5 (1976)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	26.4 (día 3)	36.0 (15/5/1979)		
Precipitación acumulada	157	69-99	193 (1997)	7 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	17	12	20 (1983)	1 (1976)

Comentario:

Temperaturas máximas moi semellantes aos valores climáticos e mínimas mesmo superiores.

Sen embargo o mes pode considerarse frío respecto ás medias, 0.5 °C por debaixo do normal.

A precipitación rexistrada é moi superior ao valor climático polo que o mes pode considerarse moi húmido. O número de días de chuvia tamén é moi superior ao valor agardado



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAIO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.7	14.9	17.3 (1989)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.0	9.8	12.0 (1989)	7.2 (1984)
Tª mínima absoluta	6.5 (día 2)	0.4 (06/5/1982)		
Tª máxima media	19.5	20.1	23.3 (1991)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	23.8 (día 11)	33.5 (16/5/1992)		
Precipitación acumulada	178	115-130	345 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	17	12	23 (1997)	3 (1987;1991)

Comentario:

Mes normal en canto ás temperaturas medias e máximas pero moi cálida respecto ás mínimas, moi superiores ao valor climático agardado
A precipitación rexistrada supera o rango normal, polo que o mes pode considerarse húmido.
O número de días de chuvia tamén é superior ao valor climático

OURENSE

	MAIO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.1	15.8	18.5 (1989)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.0	9.1	11.3 (2000)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	3.6 (día 1)	-0.4 (06/5/1982)		
Tª máxima media	20.5	22.4	26.2 (1989)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	28.7 (día 6)	37.4 (29/5/2001)		
Precipitación acumulada	118	54-76	148 (1993)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	14	10	18 (1993)	0 (1976)

Comentario:


Mes frío en canto as temperaturas medias e sobre todo respecto ás máximas (2°C por debaixo do agardado) pero moi cálida respecto ás mínimas.
A precipitación rexistrada é moi superior ao rango normal; o mes pode considerarse “moi húmido”. O número de días de chuvia tamén supera o valor climático agardado



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión en superficie.
Mes de Maio 2008






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Maio 2008





3.4.- Temperatura media das mínimas



T_{mín} -- 05/2008

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

